

CV25031

Memoria xustificativa do convenio de colaboración educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e Augas de Galicia para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do estudiantado das titulacións oficiais impartidas na Universidade de Santiago de Compostela

1. Antecedentes

Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela establecen (Disposición adicional primeira) que “a Universidade de Santiago de Compostela poderá contar coa colaboración de persoas profesionais externas no desenvolvemento de actividades prácticas derivadas de convenios ou acordos con ela, para impartiren prácticas tuteladas externas, segundo o que se estableza nestes convenios, e procurará o adecuado recoñecemento desta colaboración”. Así mesmo, no art. 51. f) indican que unha función das facultades e escolas é a promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.

Todas as partes consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral do estudiantado universitario egresado mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral. Así, as partes teñen asinados os seguintes convenios:



a) O 23.12.2021 asinouse o Convenio de colaboración educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e a entidade pública empresarial Augas de Galicia para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado de titulacións de grao e máster universitario oficial da Facultade de Xeografía e Historia, cuxa vixencia remata o 23.12.2025.

b) O 15.05.2024 asinouse o Convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e a entidade pública empresarial Augas de Galicia para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado do grao en enxeñaría química, cuxa vixencia remata o 15.05.2029.

Con este novo convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa na que se delimiten as garantías recíprocas do estudiantado e a entidade colaboradora no desenvolvemento do período de prácticas.

2. Obxectivos que se pretenden

Este convenio de colaboración ten por obxecto enmarcar a cooperación educativa na que se delimiten as garantías recíprocas do estudiantado e Augas de Galicia no desenvolvemento do período de prácticas.

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Universidade de Santiago de Compostela, de aí que sexa un dos obxectivos da Universidade de Santiago de Compostela complementar a formación teórica mediante as prácticas en entidades que lle permitan ao estudiantado coñecer a realidade laboral.



3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

O Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a), a posibilidade de que o estudiantado matriculado en ensinanza impartidas pola universidade realice prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.

O Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o “Estatuto do Estudante Universitario”, establece no seu art. 8.f) o dereito do estudiantado á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.

Conforme ao artigo 11 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, corresponde a Augas de Galicia a elaboración e seguimento do Plan hidrolóxico de cunca, do Plan de xestión de riscos de inundación e do Plan de seca. Nestes ámbitos resulta preciso a análise e procesamento de información xeográfica, modelos dixitais do terreo e ortofotos así como a realización de traballos de campo, para a súa incorporación aos instrumentos de planificación da demarcación hidrográfica de Galicia Costa.

Por outra banda, a Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga prevé que Augas de Galicia poderá xestionar infraestruturas de saneamento e depuración que forme parte do ciclo integral da auga e prestar os servizos asociados a súa explotación, colaborando coas administracións públicas responsables dos servizos, co fin de garantir os subministro de auga en calidade e cantidade adecuadas e de contribuír á consecución do bo estado ecolóxico das augas.

O estudiantado adquire amplos coñecementos teóricos nestas materias ao longo da súa formación, polo que se considera complementario e de interese a posta en



práctica desta formación en casuísticas reais e concretas como as que ten que desempeñar Augas de Galicia.

Ao marxe das actuacións anteriores, a práctica diaria pode poñer de manifesto determinados ámbitos nos que sexa de interese recíproco a existencia dun convenio de colaboración educativa entre as partes asinantes.

Con este convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa na que se delimiten as garantías recíprocas do alumnado e a entidade colaboradora no desenvolvemento do período de prácticas.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando este fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento

A sinatura deste convenio non supón ningún gasto para Augas de Galicia, polo que non precisa consignación orzamentaria.

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público o convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director de Augas de Galicia

Roi Fernández Añón

